

## OBRADOIRO “IDEAS COOPERATIVAS EN ACCIÓN” [ En colaboración coa Rede Eusumo e o Concello de Porto do Son ]

DATAS REALIZACIÓN	Do 3 ao 6 de maio de 2022	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	De 9:30 a 14:30 horas		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Viveiro de Empresas, Noal, 26, Porto do Son (A Coruña)		
PERSONA DE CONTACTO	José M. Pazó Argibay	teléfono	981 86 74 12 (Ext: 1302)
		e-mail	<a href="mailto:jose.pazo@portodoson.gal">jose.pazo@portodoson.gal</a>

### OBXECTIVOS

- Mostrar desde o punto de vista práctico as condicións e pasos a dar para emprender baixo a fórmula cooperativa.
- Coñecer que debemos analizar e ter en conta para facer da nosa idea un proxecto cooperativo viable.
- Elaborar conxuntamente o prototipo do noso proxecto.
- Avaliar requisitos e compromisos como grupo promotor, tarefas a desenvolver, calendario de actuacións.

### PROGRAMA E CONTIDOS

#### Programa

Tema 1 Identifica o teu proxecto cooperativo (CANVAS)

Tema 2 Analiza as áreas comercial e de mercado.

Tema 3 Estudia a viabilidade económica e financeira

Tema 4 Planifica a área organizativa e os trámites de constitución (CONSOLIDA\_ES)

#### Contidos

Tema 1.- Presentación de Unión de Cooperativas Espazocoop e da Rede Eusumo. Prototipa a túa idea de negocio, valora as persoas do equipo, cal é a vosa proposta de valor?

Tema 2.- Madura a túa idea, deseña e analiza as áreas comercial e de mercado: competencia, intercooperación.

Tema 3.- Analiza a área económico-financiera: fai viable o teu proxecto. Investimentos e financiamento, contas de resultados e tesourería provisional, análise de sensibilidade.

Tema 4.- Planifica a organización do teu proxecto cooperativo: os estatutos, organigrama e regulamento de réxime interno. Pasos para a constitución da cooperativa.

### METODOLOXÍA

A metodoloxía é activa e participativa. Buscamos captar o interese e a atención das persoas participantes para que se vinculen na actividade e haxa unha aprendizaxe significativa. Propoñemos actividades para o traballo en grupo pequeno coñecer experiencias e boas prácticas, utilizar medios audiovisuais para enriquecer as exposicións. A nosa proposta é que as participantes sexan protagonistas no proceso formativo mediante a reflexión, a participación e a experimentación.

### DIRIXIDO A

Dirixido a persoas emprendedoras, persoas ocupadas ou en situación de desemprego, persoas cunha idea de negocio, persoas que forman parte dun grupo promotor de autoemprego colectivo. Darase prioridade no acceso ás mulleres e as persoas que se atopen en situación de risco de exclusión social.



Esta actividade encádrase na Programación da Rede Eusumo 2022 A REDE EUSUMO é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social que conta co financiamento do Ministerio de Trabajo y Economía Social. Programa Operativo de Inclusión Social e Economía Social – POISES- convocado por CEPES e financiado polo Fondo Social Europeo (FSE).